

**TRABALLO POR PROXECTOS 2016-2017**



**“Gracias Abelliñas”**

**EDUCACIÓN INFANTIL**

**CEIP O PIÑEIRIÑO**

## 1-. INTRODUCCIÓN

1.1-. Xustificación do proxecto

1.2-.Temporalización

1.3-.Alumnado e profesorado participante

1.4-.Organización

1.5-. Referencia aos obxectivos e ás competencias básicas

## 2-. OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTO

## 3-. DESCRICIÓN DO PROCESO

3.1-. Posta en marcha do proxecto

3.2-. Actividades levadas a cabo durante o proxecto

3.3-. Metodoloxía

3.4-. Avaliación

3.5-. Recursos

3.6-. Difusión do proxecto a comunidade educativa

## 4-. FUNCION E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA

## 5-. MATERIAIS ELABORADOS E DIFUSIÓN DOS MESMOS

## 1-. INTRODUCCIÓN

### 1.1-. Xustificación do proxecto.

“Gracias Abelliñas” este é o título do noso proxecto que xurdíu na aula polo interese que suscitou no noso alumnado, de 4º e 6º de educación infantil, a visita que faríamos en fin de curso a granxa APIPOLIS.

O proxecto comezou cun xogo de pistas que levaría os nenos a descubrir a seguinte fotografía:



A nosa instrución foi: Este é o nome do sitio onde imos ir de excursión, quen sabe o que é?

Pois a partir de aquí empezaron a xurdir ideas, e pouco a pouco a través de pistas descubriron que se trataba dunha granxa onde coidaban as abellas, algo que para eles non tiña moito sentido porque as granxas son de vacas, galiñas,... pero de abellas non.

A partir deste momento comezou un traballo de investigación baseado na metodoloxía do traballo por proxectos e as súas sucesivas fases.

### 1.2-.Temporalización

O desenvolvemento do proxecto tivo lugar no terceiro trimestre, antes e despois da visita a granxa APIPOLIS onde tivemos a oportunidade de comprobar as nosas teorías e vivenciar as nosas investigacións.

**FASE 1** : Espertar o interese do alumnado xa que para eles o da granxa de abellas era algo que non coñecían, e ademais tivemos a sorte de contar cun familiar dun dos nenos que tiña na súa finca colmeas e compartiu con nos moita información.

**FASE 2** chuvia de ideas e recollida de información en colaboración coas familias e a biblioteca do centro.

**FASE 3** análise da información e confección da exposición cos diversos materiais aportados polas familias e a biblioteca do centro.

**FASE 4** investigación sobre as abellas, o seu corpo, tipos de abellas a súa función na natureza, o seu nacemento, crecemento..... , coidados que necesitan, alimentación, .....

**FASE 5** intercambios con outras aulas e divulgación do noso traballo.

**FASE 6** avaliación do proxecto en base á consecución dos obxectivos e ao desenvolvemento das competencias básicas.

### 1.3 Alumnado e profesorado participante

Este proxecto levouse a cabo nas aulas de 4º de educación infantil e 6º de educación infantil, cun total de 38 alumnos.

Os mestres participantes foron Belén Castro Bello titora de 6º B, Mª Isabel González Cuenca titora de 6º A, Matilde Dieste Velázquez titora de 4º A e a mestra de apoio Manuela Rial Otero coordinadora da biblioteca escolar.

#### 1.4.-Organización

Na organización do proxecto realizáronse actividades grupais, actividades individuais e actividades entre aulas.

Levamos a cabo actividades iniciais, actividades de desenvolvemento e actividades finais ao longo das diferentes fases do proxecto.

Durante as sesións de asemblea repasamos o traballo realizado e mostramos a información que vamos aportando a través da axuda das familias e da biblioteca do centro.

Tres veces por semana adicamos as sesións despois do recreo para o desenvolvemento do traballo e a realización das diferentes experiencias.

Unha vez rematado o traballo de aula e elaborados os diferentes documentos para a exposición do proxecto puxémonos de acordo coas demais clase para dar a coñecer o noso traballo , e tamén o expuxemos nos corredoiros do centro para que toda a comunidade educativa o puidera gozar e valorar.

Unha das actividades máis apreciada e solicitada incluso polo alumnado de outras aulas foi o XOGO “CANTO SABES DE..” no que introducimos a robótica co BEEBOT.

Ademais de xogar entre nos e con outros nenos do centro o xogo tamén está na páxina web do cole para que as familias puideran participar tamén.

As actividades levadas a cabo poden verse nos seguintes enlaces:

#### 1.5-. Referencia aos obxectivos e ás competencias básicas.

O Currículo educativo para a etapa de Educación infantil contempla a necesidade de traballar aqueles aspectos máis próximos á realidade do alumnado procurando sempre que os contidos traballados respondan á necesidade de aprender dos máis cativos partindo da súa experiencia máis próxima. Na etapa de Educación Infantil, os contidos traballados deben responder ao principio de globalización e en base a iso traballáronse os seguintes obxectivos:

- Coñecer as abellas dentro dun entorno próximo a súa realidade
- Coñecer, valorar e respectar os profesionais que traballan coas abellas.
- Desenvolver actitudes de coidado e respecto cara á natureza.
- Coñecer a importancia que teñen as abellas para o ecosistema: a polinización.
- Coñecer algunhas características morfolóxicas das abellas, os seus tipos e o alimento que producen.
- Iniciarse no coñecemento do ciclo vital das abellas.
- Desenvolver habilidades lóxico-matemáticas.
- Progresar no coñecemento da serie numérica, realizando as grafías dos números e asociándoos coas cantidades correspondentes.**Método ABN**
- Discriminar o hexágono doutras figuras planas.
- Resolver problemas matemáticos que impliquen a realización de operacións sinxelas.
- Comparar obxectos e elementos discriminando semellanzas e diferenzas.
- Observar e manipular obxectos apreciando calidades como a cor, a forma, o tamaño...
- Interpretar e ler series sinxelas.

- Ordenar temporalmente imaxes.
- Distinguir as semellanzas e diferenzas entre os distintos tipos de abellas e as diferentes funcións que realiza cada unha
- Observar de forma activa o hábitat das abellas dunha granxa
- Coñecer os diferentes procesos de crecemento das abellas e da elaboración da variedade de produtos procedentes deste animais.
- Ampliar progresivamente o vocabulario utilizando unha terminoloxía relacionada coa temática do proxecto.
- Progresar na expresión oral e na comprensión verbal, manifestando as súas ideas, sentimentos e necesidades de xeito adecuado e entendendo as mensaxes que lle comunican os seus compañeiros e compañeiras.
- Participar nos intercambios comunicativos que se establezan en clase: asembleas, traballos en pequeno grupo, debates...
- Gozar co visionado de documentais, películas e reportaxes relacionadas coa temática do proxecto.
- Avanzar no proceso de adquisición da lectoescritura, lendo e interpretando imaxes e producindo trazos, grafías e palabras.
- Coñecer as posibilidades do corpo para expresar sentimentos, ideas, emocións, mensaxes...
- Desenvolver a imaxinación, a iniciativa e a creatividade.
- Coñecer e utilizar axeitadamente diferentes técnicas e materiais para a realización das súas producións.
- Utilizar as TIC para solicitar información, realizar actividades, xogos e complementar tarefas.
- Utilizar axeitadamente as tecnoloxías da información e da comunicación comprendendo a importancia e a necesidade de utilizalas moderadamente.

Outro dos propósitos da elaboración e posta en marcha deste proxecto foi que o alumnado aprendera e desenvolvea as seguintes **COMPETENCIAS CLAVE**:

✓ **Competencia lingüística**: Co desenvolvemento do proxecto traballáronse as catro destrezas que compoñen a competencia lingüística:

- *Comprensión escrita*: Esta destreza traballouse coa busca de información a través de textos en múltiples modalidades, formatos e soportes. Consideramos a lectura como unha destreza básica para a aprendizaxe e como a principal vía de acceso a todas as áreas.
- *Comprensión oral*: Ampliaron o seu vocabulario en relación o tema a desenvolver.
- *Comunicación oral*: Constitúe unha parte básica do produto final do proxecto, xa que, na proposta do mesmo, se inclúe a exposición oral das súas investigacións.
- *Comunicación escrita*: Desenvolveuse a través das producións elaboradas polos alumnos e alumnas participantes neste proxecto, tales como murais e presentacións.

✓ **Competencia matemática** :

Na realización deste proxecto traballouse a competencia matemática a través da estimación e aproximación no referente por exemplo a elaboración de mel, á recolecta de néctar, as formas xeométricas que nos atopabamos, etc. Ademais, a través da posta en marcha do taller de cociña para a elaboración das galletas de mel traballamos cantidades, pesos, medidas, .....

✓ [Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico:](#)

O longo deste proxecto o coñecemento do mundo físico relacionado co hábitat das abellas acerca os nenos un pouco a necesidade da existencia destes pequenos animais, a importancia que ten no medio ambiente así como a interacción que poden facer con dito hábitat na granxa. Alí poden facer de apicultores e ver de certa esta realidade.

✓ [Competencia dixital:](#)

Realizáronse presentacións dixitais coa información obtida e traballada con anterioridade. Ademais da busca de información utilizando a pantalla da aula e os ordenadores da biblioteca. Tamén puidemos traballar coas tablets en diferentes xogos relacionados coas abellas e busca de libros dixitais.

✓ [Aprender a aprender:](#)

Co método de traballo seguido para a realización deste proxecto elabórase unha planificación na que a meta de aprendizaxe e o plan de acción para acadala son explícitos e o alumnado participa na súa elaboración, converténdose en protagonista da súa aprendizaxe e favorecendo a motivación, a curiosidade e a necesidade de aprender.

✓ [Competencia social e cidadá:](#)

Moitas das actividades levadas a cabo baseáronse no traballo colaborativo que é un pilar básico para a interacción con outras persoas e grupos, baseándose no respecto mutuo e nas conviccións democráticas.

✓ [Competencia cultural e artística:](#)

Ó longo de todo o proceso estivo presente o desenvolvemento da iniciativa, a imaxinación e a creatividade

✓ [Autonomía e iniciativa persoal:](#)

No desenvolvemento do traballo estivo sempre latente a potenciación da expresión artística que serviron como base para comunicar e compartir coñecementos, emocións e sentimentos, dunha forma persoal e significativa para cada neno ou nena.

## 2-. OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS.

No curso 2016-2017 o ciclo de educación infantil decidiu realizar a excursión de fin de curso a Granxa Apipolis xa que consideramos que é un lugar o cal non terían moito acceso si non é en grupo escolar. Pareceunos un lugar no que poderían ver de primeira man os produtos que as abellas nos proporcionan e a importancia destas no desenvolvemento normal da natureza.

## 3-. DESCRICIÓN DO PROCESO

### 3.1-. POSTA EN MARCHA DO PROXECTO

Tratamos de despertar no alumnado a súa curiosidade, atención e creatividade introducindo unha actividade pracenteira que rompería totalmente a súa rutina e que levaría consigo un gran número de estímulos sensoriais. Fixémolo a través dun xogo de pistas no que terían que poñer a funcionar os seus sentidos para adiviñar cal era a imaxe que se escondía no puzzle.

Ademais o equipo de biblioteca, puxo ao noso alcance todos os materiais que precisabamos para comezar o proxecto.

Preparamos unha serie de obxectos que os nenos deberían recoñecer de diferentes formas para ir conseguindo unha peza do puzzle e aparecer así a imaxe que desenvolvería o noso proxecto.

ULIR



PROBAR



TOCAR



OIR



VER

Así descubriron que o noso proxecto xiraría entorno as abellas. Agora tocaba empezar o proxecto de investigación porque sabiamos moitas cousas, unhas certas e outras non, pero tamén tiñamos moitas preguntas. Así que nos puxemos mans a obra.

### 3.2 ACTIVIDADES LEVADAS A CABO DURANTE O PROXECTO

As actividades que levamos a cabo foron moi variadas e as mais destacables foron as seguintes:

#### ✓ Asamblea informativa: QUE SABEMOS DAS ABELLAS?

COMO XA VOS COMENTÁRAMOS IMOS COMEZAR UN PROXECTO SOBRE AS ABELLAS QUE TITULAREMOS:  
"GRACIAS ABELLIÑAS"

ESTE TITULO TEN O SEU SIGNIFICADO E O LONGO DO PROXECTO PODERDES COMPROBALO.

PARA COMEZAR INVESTIGAMOS OS COÑECEMENTOS PREVIOS QUE OS NEN@S TIÑAN SOBRE AS ABELLAS.

**QUE SABEMOS DAS ABELLAS?** ESTAS FORON AS SÚAS RESPÓSTAS.

V- FAN MEL  
H- VOAN  
M- TEÑEN RAIAS POLO CORPO  
L- TEÑEN UNHA COLA QUE PICA  
P- VIVEN EN CASIÑAS  
M- SON DE CÖR AMARELO E NEGRO, E NAS CASIÑAS A FAN A MEL  
B- TEÑEN PATAS PARA ANDAR E ÁS PARA VOAR  
I- COMEN MEL E OS QUE AS COIDAN SON OS PASTORES  
V- NON, AS MAMAS SON AS QUE COIDAN AS ABELLAS BEBES  
I- HAI QUE TER MOITO COIDADADO PORQUE SI NOS ACERCAMOS MOITO PICANNOS COA COLA  
M- SO PICAN SI SE ENFADAN  
H- TEÑEN DOUS OLLOS

#### QUE QUEREMOS SABER?

O NOSO SEGUNDO PASO FOI PENSAR QUE COUSAS NOS GUSTARÍA SABER DAS ABELLAS, E ASÍ FORON XURDINDO A NOSAS LIÑAS DE INVESTIGACIÓN.

#### QUE QUEREMOS SABER?

M- COMO FAN A MEL?

V- QUE COMEN?

H- COMO É O SEU CORPO?

L- COMO SON AS PEGADAS DAS ABELLAS?

I- COMO SON AS SÚAS CASAS?

PROFE- QUEN COIDA DÁS ABELLAS?

ESTAS FORON AS SÚAS PREGUNTAS, PERO SEGURO QUE NOS VAN A XURDIR MÁIS EN CANTO COMECEMOS A INVESTIGAR.

## ONDE BUSCAMOS INFORMACIÓN?

PARA SEGUIR COA METODOLOXÍA DOS PROXECTOS DE TRABALLO, CHEGAMOS O PASO NÚMERO TRES:

### ONDE BUSCAMOS INFORMACIÓN?

DESPOIS DUN TEMPO DELIBERANDO DÍMONOS CONTA DE QUE SEGURAMENTE OS PAPAS E MAMAS SABERÍAN ALGO DAS ABELLAS PORQUE SON MOI MAIORES, ASÍ QUE IMOS PREGUNTARLLE.

TAMÉN NOS PERCATAMOS DE QUE NA BIBLIOTECA HABERÍA LIBROS QUE FALARAN DAS ABELLAS E PROPUXÉMONOS IR A BUSCAR ALÍ.

E PARA REMATAR, SEGURAMENTE QUE NO ORDENADOR, QUE HAI DE TODO, HABERÁ TAMÉN COUSAS DAS ABELLAS.

ASÍ QUE CON TODO ISTO PUXÉMONOS A TRABALLAR. PRIMEIRO MANDAMOS UNHA CARTA AS FAMILIAS PARA QUE NOS AXUDARAN.

O SEGUNDO PASO FOI IR BUSCAR A BIBLIOTECA OS LIBROS QUE FALABAN DAS ABELLAS.

Publicado por Mestras Educacion Infantil ás 10:58

- ✓ Buscamos información na biblioteca do cole: buscamos palabras clave, lectura de imaxes, pero o primeiro miramos na entrada da biblioteca onde podemos atopar libros que nos falen das abellas. Tiñamos claro que non buscabamos contos porque eses poderían ou non ter os datos que necesitabamos, así que o que buscabamos eran libros de consulta; vale pois buscamos os libros de consulta. Dentro desta sección había moitísimo libros así que nos facía falta algún dato mais; terían que ser de animais. E así pouco a pouco por eliminación chegamos a sección 59 zooloxía, facendo así unha actividade de formación de usuarios.



<http://asfabasmxicas.blogspot.com.es/>

Neste enlace o blog poderedes ver como foi a nosa busca de información nos libros da biblioteca.

Pero non soamente buscamos na biblioteca tamén pedimos axuda as familias, así que mans no teclado fixemos a seguinte carta:



QUERIDAS FAMILIAS:

O VINDEIRO MÉRCORES 15 DE MARZO IMOS FACER UNHA SAÍDA A GRANXA APIPOLIS, ALÍ IMOS TER CONTACTO COA VIDA DAS ABELLAS, OS SEUS PRODUTOS, COIDADORES.....

POR ESTE MOTIVO QUEREMOS COMEZAR COS NEN@S UN PROXECTO DEDICADO AS ABELLAS E QUE LEVAREMOS A CABO NESTE PRIMEIROS QUINCE DÍAS E DESPOIS DA VISITA. PEDÍMOSVOS A VOSA COLABORACIÓN PARA QUE NOS AXUDEDES ACHEGANDO INFORMACIÓN SOBRE ESTE ANIMALS . DE QUE MANEIRA?

SERÍA INTERESANTE QUE BUSCARADES COS VOSOS FILL@S ALGUNHA INFORMACIÓN QUE ELES MESMOS POIDAN ENTENDER E COMPARTIR COS COMPAÑEIROS NA ASEMBLEA DIARIA, PODEDES TAMÉN ACHEGAR LIBROS O VÍDEOS, FOTOS, OU CALQUERA OUTRA COUSA QUE SE VOS OCORRA. O REMATE DO PROXECTO TODO O MATERIAL SERÁ DEVOLTO AS CASAS.

MOITAS GRAZAS POLA VOSA COLABORACIÓN

EQUIPO DE EDUCACIÓN INFANTIL



- ✓ Posta en común e explicación da información que cada nen@ traía da súa casa.



- ✓ Agora que xa tiñamos moita información sobre as abellas había que preparala para expoñela na aula e compartila cos compañeiros de outros cursos. Así que fomos preparado murais e ademais chegaron das familias moitos materiais expositivos moi interesantes como poderedes ver nas imaxes.



- ✓ Fixemos diferentes murais para compartir a información cos compañeiros e para a visita das familias, o cal preparamos en power point e os nen@s mesmos se encargaron de explicar na visita .



Power point que podes atopar na páxina web

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippineirino/?q=node/156>



- ✓ Recollida da información en traballos persoales.
- ✓ Elaboración de contos sendo os protagonistas principais as abellas
- ✓ Recollida de noticias sobre as abellas
- ✓ Elaboración dun glosario de vocabulario relacionado co tema
- ✓ Xogo con BEEBOT : Canto sabes de?. Elaboración do taboleiro de xogo e das preguntas.



Enlace o xogo: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippineirino/?q=node/151>

- ✓ Xogos matemáticos nas colmeas



- ✓ Elaboración de trampa para belutinas

### 3.3-. METODOLOXIA

Outro dos factores importantes no desenvolvemento do noso proxecto e o tipo de metodoloxía empregado no mesmo. Tendo sempre como referente os intereses e curiosidades dos nen@s, baseamos o noso traballo na metodoloxía de traballo por proxectos tratando de dar resposta aos pasos fundamentais como son: motivación, ideas previas, que queremos saber?, onde buscamos a información? Como recollemos dita información?, Como a transmitimos aos compañeiros? e Avaliación tanto do proceso como da metodoloxía e o produto final. Teremos sempre presente unha metodoloxía flexible, globalizada e individualizada respectando os diferentes ritmos de aprendizaxe e atendendo as necesidades que poidan xurdir no alumnado.

### 3.4-. AVALIACIÓN

No desenvolvemento do proxecto podemos identificar tres fases de avaliación que son:

#### 1-. Avaliación Inicial

Nesta primeira fase tratamos de avaliar os coñecementos previos que os nen@s teñen sobre o tema do proxecto. Para levar a cabo esta avaliación utilizáronse diferentes técnicas como : chuvia de ideas, debuxo e asemblea.

#### 2-.Avaliación continua

A avaliación continua tivo lugar o longo de todo o proceso para observar o achegamento dos nen@s as aprendizaxes así como para levar a cabo as modificacións oportunas para un óptimo desenvolvemento.

#### 3-. Avaliación final

Esta avaliación foi realizada como conclusión do proxecto e levada a cabo a través de diferentes técnicas como : exposición dos traballos realizados, elaboración de gráficos, realización de debuxos, exposición a través de murais de todos aqueles datos relevantes do proxecto,.....

En base os diferentes obxectivos que nos plantexamos o comezo do proxecto, elaboramos unha serie de criterios que nos indicaran o grado de consecución dos mesmos valorados do 1 ao 5. Algunha mostra destas son:

- Desenvolveu actitudes de coidado e respecto cara á natureza.
- Coñece algunhas características morfolóxicas das abellas, os seus tipos e o alimento que producen.
- Coñece o ciclo vital das abellas.
- Etc

### 3.5. RECURSOS

Dende a biblioteca facilitáronnos moito a adquisición de libros de consulta relacionado co proxecto, entre os mais utilizamos destacan os seguintes da sección 59 da nosa biblioteca:

El fascinante mundo de las abejas. Parramón ediciones, S.A.

Los invertebrados. Parramón, S.A.

Insectos que viven en familia. Benjamín información altea

Enciclopeque: los insectos de mi Jardín . S.M.

Alas. Everest.

Animales en sociedad. Planeta

En internet consultamos tamén diferentes páxinas onde explicaban o nacemento das abellas, o seu crecemento, as funcións de cada unha, a elaboración da mel, a recolleita de polen, etc.

<https://es.slideshare.net/ginavargas509/abejas-17090739>

<https://es.slideshare.net/edefrutossanz/las-abejas-34458767>

[https://www.youtube.com/watch?v=Wch4\\_d0n4Bw](https://www.youtube.com/watch?v=Wch4_d0n4Bw)

<https://www.youtube.com/watch?v=hHrE3WcBwtg>

[https://www.youtube.com/watch?v=fB76tEKsc\\_U](https://www.youtube.com/watch?v=fB76tEKsc_U)

<https://www.youtube.com/watch?v=E-pKGTkcUkQ>

Tamén consultamos diferentes blogues de compañeiros que xa traballaran sobre as abellas anteriormente e atopamos xogos en rede para facer por exemplo a secuenciación da larva, o proceso da mel, etc.

Nos mesmos coa información que acadamos elaboramos diferentes xogos para a PDI co programa notebook11 e tamén xogos de preguntas para o BEEBOT.

Outros dos recursos foron aportados polas familias e tamén contamos con recursos humanos como membros das familias que viñeron a compartir con nos a información que tiñan sobre as abellas.

### 3.6 DIFUSIÓN A COMUNIDADE EDUCATIVA

Ademais das exposicións realizadas nas aulas dos compañeiros de ciclo e nas aulas de primaria, as nosas investigacións puidéronse ver nos diferentes murais que se expuxeron nos corredores do colexio.

E para implicar a toda a comunidade educativa tivo lugar unha xornada de visita das familias onde puideron gozar da explicación realizada polos nenos utilizando como guía o power point, elaborado co mural; e visitar a exposición de materiais na aula de 6º de infantil.

Tamén invitamos as familias a xogar con nos o Canto sabes de? co BEEBOT e os memorys preparados con tapóns de reciclaxe.

## 4-FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA EN TODO O PROCESO

O papel da biblioteca foi moi importante no desenvolvemento do proxecto xa que colaborou na proposta do tema, tendo en conta o currículo escolar e avaliando os intereses e curiosidades dos nen@s.

En coordinación coas titoras de 4º e 6º de educación infantil fixéronse entre outras actividades:

- Deseño de contidos e actividades
- Organización de exposicións
- Busca de bibliografía
- Planificación da xornada de portas abertas as familias
- Etc.....

## 5-.DIFUSIÓN NA REDE DO PROXECTO

- ✓ <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippineirino/?q=taxonomy/term/71>
- ✓ <http://asfabasmaticas.blogspot.com.es/>
- ✓ <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippineirino/?q=node/153>
- ✓ <https://www.youtube.com/channel/UCxU0ZKtkGm77XjOm2fpDP3A>